



XUNTA
DE GALICIA

PROXECTO
ABALAR

espazoABALAR
Guía para as Familias



O **Proxecto ABALAR**, é un compromiso da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria coa cidadanía galega, no ámbito da integración das TIC na práctica educativa, cuxo obxectivo principal é o de transformar os centros educativos tradicionais en centros educativos dixitais para:

- Acadar a plena alfabetización das TIC entre os profesores e alumnos galegos.
- Modernizar o sistema educativo galego.
- Mellorar a calidade da ensinanza en Galicia.
- Reducir o fracaso escolar.

O **Proxecto ABALAR**, ademais de garantir a dotación e o mantemento da infraestrutura TIC en todos os centros educativos coa entrega de ultraportátiles aos alumnos e a dotación de aulas dixitais por medio do portátil para o profesor, o encerado dixital interactivo e o proxector, os armarios de carga dos ultraportátiles e as redes Wifi, tamén encargárase de fomentar a cultura dixital por medio da formación aos docentes e as familias, dotar ao profesorado e o resto da comunidade educativa de contidos e recursos educativos dixitais e facer que o proxecto teña presenza na Web por medio do espazoABALAR.

O **espazoABALAR**, será o referente dos servizos educativos en Galicia para toda a comunidade. Trátase dunha moderna plataforma de última xeración desenvolvida pola Consellería de Educación e a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica coa finalidade de:

- Achegar a educación aos cidadáns, incrementando a eficacia dos servizos que se lle proporcionan.
- Desenvolver as TIC no ámbito educativo, fomentando a participación e motivación do alumnado e loitando contra o fracaso escolar.

O **espazoABALAR** está desenvolvéndose dunha maneira continuada no tempo coa inclusión de novos servizos para toda a comunidade educativa. Nesta versión, auméntanse os contidos e accións dispoñibles do espazo Familias, o que permitirá aos pais e nais a integrarse en maior medida na vida académica dos seus fillos/as.

Espazo Familias

Permite acceder ao seguimento académico en liña e establece unha nova canle de comunicación entre os pais e os titores/as, incluíndo servizos de subscrición por correo electrónico

O espazoABALAR é **multiidioma** e está dispoñible en galego e castelán

The screenshot shows the 'Espazo Abalar' website interface. At the top, it features the 'XUNTA DE GALICIA' logo and the title 'Espazo Abalar'. The main content area is divided into several sections:

- Novas:** A section titled 'O ESPAZOABALAR PON A DISPOSICIÓN DOS PROFESORES UN NOVO ESPAZO NO QUE REALIZAR O SEGUIMENTO DOS SEUS ALUMNOS/AS' with a sub-header 'Espazo profesores'. It describes how the platform facilitates daily monitoring and control of student activities and allows for communication with parents.
- ESPAZOABALAR ESTREA UNHA NOVA VERSIÓN DO ESPAZO FAMILIAS:** A section titled 'Espazo Familias' that highlights the new version of the family space, enabling parents to monitor their children's progress and communicate with teachers.
- Recursos destacados:** A section with a sub-header 'XeoClic' featuring a collection of 500 activities grouped into 40 thematic packages, available in both primary and secondary education.
- Historia e Idade Antiga en España:** A section with a sub-header 'Sequencia didáctica para o estudo das características da prehistoria e da idade antiga en España'.
- Servizos:** A sidebar menu with options for 'Espazo Familias', 'Espazo Profesores', and 'Reportorio de contidos'.
- Colectivos:** A sidebar menu with options for 'Alumnos', 'Centros', 'Familias', and 'Profesores'.
- Elabos de actuación:** A sidebar menu with options for 'Contidos', 'Espazo Abalar', 'Formación', and 'Difusión/cultura'.
- Eñaxes:** A sidebar menu with options for 'Portal educativo', 'Biblioteca de Educación e Ordenación Universitaria', 'IMIT', and 'agrega'.

espazo Profesores

Facilita o desenvolvemento das actividades de seguimento e control diarias dos docentes e permite o intercambio de información e a comunicación cos responsables dos alumnos/as

Repositorio de contidos educativos

Posibilita o acceso á plataforma de xestión, difusión e emprego dos recursos educativos dixitais

Ademais, a pantalla de inicio do **espazoAbalar** pon a súa disposición varios apartados a través dos que poderá coñecer os **últimos avances** do proxecto.

Novas

Permite coñecer as **últimas novidades do proxecto** nos diferentes ámbitos que o compoñen, como poden ser as novas funcionalidades do portal para os diferentes espazos ou o avance na formación abalar, entre outros. Así mesmo, premendo en **Ler máis**, despregarase a noticia correspondente ao titular e resumo escollido



O ESPAZOABALAR PON A DISPOSICIÓN DOS PROFESORES UN NOVO ESPAZO NO QUE REALIZAR O SEGUIMENTO DOS SEUS ALUMNOS/AS

16/10/2013 - 12:54

O espazo **Profesores** facilita aos titores/as o desenvolvemento de actividades de seguimento e control diarias dos seus alumnos/as e adicionalmente, permite a comunicación en liña cos responsables dos alumnos/as por medio de avisos xerais a un grupo de responsables, incidencias personalizadas a un pai ou nai en concreto e a xestión de citas de tutoría.



O espazoAbalar pon a disposición de toda a comunidade educativa un espazo destinado aos docentes, outros ás familias e a repositorio de contidos educativos dixitais que seguirá desenvoléndose dunha maneira continuada no tempo coa inclusión de novos servizos.

Actualmente, todos os titores/as pertencentes aos centros do Proxecto Abalar, teñen a súa disposición o espazo **Profesores**, un ámbito no que poderán levar a cabo as seguintes **funcionalidades**:

- Consultar e modificar os seus **datos persoais** como o enderezo, a conta de correo, o teléfono, etc.
- **Subscribirse a notificacións** para poder xestionar e realizar un seguimento dos **ustificantes** das faltas de asistencia que envían os responsables dos alumnos/as, o control das tutorías que solicitan os pais e nais e a posibilidade de **enviar avisos xerais** aos responsables dun grupo de alumnos/as ou **incidencias personalizadas** aos mesmos. Sempre que os titores estean dados de alta neste tipo de subscricións, recibirán correos informativos coas notificacións realizadas polos familiares dos alumnos/as.
- E tamén poderá realizar unha xestión detallada das **citas de tutoría** solicitadas polos pais e nais, permitindo confirmar unha cita de tutoría ou anulara no caso de que non puidese asistir a dito evento.

Adicionalmente, para que o funcionamento do espazoAbalar sexa efectivo e as familias poidan realizar un seguimento académico dos seus fillos/as, será necesario que en paralelo, os titores/as actualicen e publiquen os datos das cualificacións e as faltas de asistencia na plataforma da Consellería para a xestión académica e administrativa (XADE).

Para dispor de máis información sobre o funcionamento do espazo **Profesores** pode descargar a guía do profesor premendo aquí.

Categoría: Espazo Abalar Formación Profesores

Colectivos e eixos de actuación

Estes apartados clasifican a información recollida no portal por “colectivos implicados en Abalar” e por “eixos de actuación do proxecto”, o que permite navegar polo espazoAbalar de forma máis cómoda e sinxela

Recursos destacados

Recole información sobre cales son os últimos **recursos educativos dixitais** que foron subidos ao Repositorio de contidos educativos e unha breve descrición da súa utilidade. Premendo en **Ler máis**, poderá descargar o recurso escollido sen a necesidade de acudir ao Repositorio

Enlaces


Pon a súa disposición os enlaces máis relevantes que se encontran relacionados co proxecto, como son o Repositorio de contidos **agrega**, a páxina da **Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica** e da **Consellería de Educación e Ordenación universitaria**

Se desexa acceder ao espazo Familias por medio do **certificado dixital FNMT** siga os seguintes pasos.

1 Seleccione a opción do certificado dixital FNMT

2 Seleccione o certificado no despregable

3 Pulse o botón **Aceptar**



Para obter o certificado se se trata dunha persoa física, é imprescindible contar cun ordenador que teña acceso a Internet, acceder á páxina www.ceres.fnmt.es:

- I. Solicitar o certificado.
- II. Acreditar a identidade mediante personación física nunha oficina de rexistro.
- III. Descargar o certificado dende Internet no seu ordenador.

Para acceder ao espazo Familias, é necesario **autenticarse** por medio do DNle ou do certificado dixital FNMT.



1
Selecione a opción **espazo Familias**

2

Elixa un dos accesos posibles:
a. DNle
b. Certificado dixital FNMT

A screenshot of the 'Espazo Abalar' login page. The page has a blue header with the 'XUNTA DE GALICIA' logo and the title 'Espazo Abalar'. Below the header is a login form with the text 'Usuario/a: Sen identificar' and an 'Entrar' button. A large white box with a blue border and a blue number '2' is overlaid on the page, containing instructions for authentication. The instructions are: 'Para acceder á información do portal Espazo Abalar é necesario estar autenticado. Pódese realizar a autenticación de dúas maneiras distintas: a. Por DNI Electrónico. Se dispón de DNI electrónico pode acceder ao portal pulsando no enlace. Asegúrese de que o DNle está inserido no lector de tarxetas. Para obter máis información sobre os requisitos e a utilización do DNI electrónico visite a páxina do Corpo Nacional de Policía. b. Por Certificado Dixital FNMT. Se dispón de certificado dixital da "Fábrica Nacional de Moneda y Timbre" e desexa acceder ao portal con el pulse aquí. Consulte a páxina do CERES para obter información sobre este certificado.'

Para acceder ao espazo Familias por medio do **DNI electrónico** é necesario dispoñer dun ordenador con lector de tarxetas.

1 Introduza o DNI electrónico no lector de tarxeta

2 Seleccione a opción do DNI electrónico

3 Introduza o seu PIN e pulse **Aceptar**



O acceso á segunda versión do espazo Familias, está dispoñible para os pais, nais e titores legais dos alumnos matriculados nos **centros do proxecto ABALAR**.

No caso de que ningún dos seus fillos/as, estean matriculados nun centro do Proxecto ABALAR, amosarase a seguinte pantalla:

The screenshot shows the 'Espazo Abalar' interface. At the top left is the 'XUNTA DE GALICIA' logo. The user is logged in as 'RODRIGUEZ GONZÁLEZ, RAQUEL'. A message box states: 'O sistema non pode amosar os datos dos seus fillos ou fillas. Isto pode deberse aos seguintes motivos:'. The reasons listed are: 'O centro ou centros onde están escolarizados os seus fillos ou fillas non participan durante este curso no proxecto Abalar.', 'Os datos dos seus fillos ou fillas non figuran correctamente rexistrados na aplicación de xestión académica dependente da Consellería de Educación e O.U. ou', and 'Nesa mesma aplicación de xestión académica non figura recollido o seu DNI ou análogo documento de identificación.'. A link is provided for more information: 'Para máis información pode poñerse en contacto co centro onde estean matriculados os seus fillos ou fillas.'

Unha vez autenticado no **espazo Familias**, ten acceso á información e ás accións dispoñibles de cada un dos seus fillos/as, premendo no nome do rapaz/a.

The screenshot shows the 'Espazo Abalar' interface with a list of children. Callouts point to various elements: 'Permite o peche da sesión coa a que está rexistrado' points to the 'Salir' button; 'Nome do usuario que accedeu ao espazoABALAR' points to the user name 'RODRIGUEZ GONZÁLEZ, RAQUEL'; 'Permite volver ao inicio do espazoABALAR' points to the 'Inicio' link; 'Nome dos fillos sobre os que pode acceder á información' points to the names 'Paula Pérez Ponte', 'Pablo Pérez Ponte', and 'Iria Pérez Ponte'.

Nome do Alumno	Centro
Paula Pérez Ponte	IES Manuel Murguía, 2º Bacharelato
Pablo Pérez Ponte	CEIP Ana María Diéguez, 6º Educación primaria
Iria Pérez Ponte	CEIP Ana María Diéguez, 6º Educación infantil

Unha vez seleccionado o fillo/a, a **información** dispoñible que se atopa rexistrada no **espazo Familias** é a seguinte: Datos académicos, datos do curso actual, datos de escolarización, datos familiares, servizos complementarios e os datos do centro no que está matriculado.

The screenshot shows the 'Espazo Abalar' interface for the 'XUNTA DE GALICIA'. The user is logged in as 'RODRIGUEZ GONZÁLEZ, RAQUEL' and has selected a child named 'Paula Pérez Ponte'. The interface is divided into several sections:

- Información:** A menu on the left with options: Datos académicos, Curso actual, Escolarización, Datos familiares, Servizos complementarios, and Centro.
- Accións:** A menu with options: Subscrición, Xustificar faltas, Citas de titoría, Incidencias do alumno, and Avisos do alumno.
- Conteúdo principal:**
 - Datos académicos:** Pode realizar un seguimento académico do curso actual no que o seu fillo/a se encontre por avaliación e as súas faltas de asistencia.
 - Curso actual:** Pode consultar datos xerais do curso no que está matriculado o seu fillo/a como que está exento/a ou cun algún cargo no ámbito escolar.
 - Escolarización:** Pode consultar o histórico de escolarización do seu fillo/a e ver as súas cualificacións.
 - Datos familiares:** Pode consultar os datos de contacto dos que dispón a Consellería de Educación permitiéndolle modificar os seus datos se estes se encontraran desactualizados.
 - Servizos complementarios:** Pode consultar os datos dos servizos de transporte e comedor do seu fillo/a.
 - Centro:** Pode coñecer os datos de contacto do centro onde se encontra matriculado o seu fillo/a.
 - Subscrición:** Póñese á súa disposición a posibilidade de manterse informado da publicación de novas cualificacións, faltas de asistencia ou outras notificacións do seu fillo/a. Estas notificacións poden realizarse a través de correo electrónico, podendo darse de baixa destas subscricións desactivándolas cando desexa.
 - Xustificar faltas:** Pode xustificar as faltas de asistencia ou de puntualidade do seu fillo/a.
 - Citas de titorías:** Pode solicitar unha cita co titor do seu fillo/a e xestionar as que ten pendentes.
 - Incidencias do alumno:** Pode consultar as notificacións do titor sobre posibles incidencias do seu fillo/a na aula.
 - Avisos do alumno:** Pode consultar as notificacións do titor dirixidas ó grupo ó que pertence o seu fillo/a.
- Información de interese:** Abarca tres categorías:
 - Avisos:** 05/01/2011 - Seguimento avaliacións: Realizar un seguimento da primeira avaliación.
 - Incidencias:** 28/12/2010 - Incidencia: Incidencia.
 - Outros:** Non hai outra información de interese para este alumno/a.

Permite acceder á pantalla de selección de fillo/a para coñecer a información doutro fillo/a

O botón de Inicio está sempre dispoñible e indica os contidos que amosa cada apartado

- Accións**
- Subscrición
 - Xustificar faltas
 - Citas de titoría
 - Incidencias do alumno
 - Avisos do alumno

Este apartado amosa os últimos avisos e incidencias, así como outra información de interese relativa ao seu fillo/a

Así mesmo, ten a súa disposición unha serie de **accións** que lle chegarán á vida académica do seu fillo/a: subscribirse á publicación das notas e faltas de asistencia e ás incidencias individuais e avisos máis importantes; xustificar as faltas de asistencia en liña; concertar citas co titor/a; e consultar as incidencias e os avisos relativos ao seu fillo/a.

A opción “**Datos académicos**” permítelle realizar un seguimento do curso académico no que o seu fillo/a está matriculado.

Selecione a opción **Datos académicos** para acceder a información das cualificacións obtidas en cada avaliación e as faltas de asistencia

1 Estes botóns permiten o acceso á información de cada unha das avaliacións

XUNTA DE GALICIA GALEGO CASTELLANO

Espazo Abalar

Usuario: RODRIGUEZ GONZALEZ, RAQUEL Seleccionar Fillo/a Salir

Inicio > Datos académicos

Curso: 2º Bacharelato

1ª avaliación 2ª avaliación 3ª avaliación Avaliación final

Cualificacións

Materia	Cualificación	Descrición
Coñecemento do medio natural, social e cultural	■ ■ ■ ■ ■ ■ ■ ■	Ben
Educación artística	■ ■ ■ ■ ■ ■ ■ ■ ■ ■	Sobresaliente
Educación física	■ ■ ■ ■ ■ ■ ■ ■	Notable
Lingua castelá e literatura	■ ■ ■ ■	Insuficiente
Lingua galega e literatura	■ ■ ■ ■	Insuficiente
Matemáticas	■ ■ ■ ■ ■ ■ ■ ■ ■ ■	Sobresaliente
Lingua Estranxeira - Inglés	■ ■ ■ ■ ■ ■ ■ ■ ■ ■	Sobresaliente
Relixión Católica	■ ■ ■ ■ ■ ■ ■ ■	Notable

Asistencia

16 elementos encontrados, mostrados desde el 1 hasta el 5.
[Primero/Anterior] 1,2,3,4 [Siguiente/Último]

Data	Materia	Sesión	Tipo	Xustificante
30/11/10	Historia de la filosofía	17:20 - 18:10	Asistencia	No
29/11/10	Latín II	13:30 - 14:20	Asistencia	No
27/10/10	Latín II	13:30 - 14:20	Asistencia	No

Accións

- Subscripción
- Xustificar faltas
- Citas de tutoría
- Incidencias do alumno
- Avisos do alumno

XUNTA DE GALICIA © Xunta de Galicia. Información mantida e publicada no internet pola Xunta de Galicia. Oficina de Rexistro único e Información | Suxeccións e queixas | Aviso legal | Altera/Involu/s

Poden subscribirse ás novidades desta web cun lector de feeds

2 En cada avaliación, detállanse as cualificacións obtidas en cada unha das materias

3 Esta sección ofrece información sobre as ausencias e se se entregou xustificante

En “Curso actual” pode coñecer a información da matrícula con datos como o curso, o grupo ou as materias cursadas, e outros datos académicos de interese relativos ao seu fillo/a.

Para acceder aos datos escolares do alumno/a pulse a opción **Curso actual**

1 Esta área mostra a información do curso e grupo ao que pertence o fillo/a e o nome do titor

GALEGO CASTELLANO

XUNTA DE GALICIA

Espazo Abalar

Usuario: RODRIGUEZ GONZÁLEZ, RAQUEL Seleccionar Fillo/a

Inicio > Curso actual

Grupo e titoria

Curso: 2º Bacharelato Grupo: B
Titor: Pablo Diequez Meijide

Materias

Materia	Profesor
Lengua castellana y literatura II	Rosario Monjardín Vergas
Atención educativa	Jesus López Noche
Geografía	José María Fernández Otero
Griego I	Eloi Vázquez Muiño
Lengua extranjera II: Inglés	Laura Calvete Taboada
Ética y filosofía del derecho	Pablo Iglesias Ollero
Lengua gallega y literatura II	Adela Torreiro García
Latín II	Marina Cancela Santos
Historia de España	Teresa Novoa Santos
Historia del arte	Alejandro Rodríguez Machado
Historia de la filosofía	Enrique Fernández Tomé

Exencións

Non hai materias dispoñibles

Cargos

O alumno non ocupa ningún cargo

XUNTA DE GALICIA © Xunta de Galicia. Información mantida e publicada no internet polo Xunta de Galicia. Oficina de Rexistro Único e Información | Suxestións e queixas | Aviso legal | Atendimento/a

Pode subscibirse ás novidades desta web cun lector de Feeds

2 Tamén dispón do detalle das materias nas que o alumno/a está matriculado así como o profesor/a responsable de cada materia

3 Esta opción permite coñecer as materias nas que o alumno/a está exento e os cargos que ocupa

A opción “**Escolarización**” permítelle consultar o histórico de escolarización do alumno/a e consultar as cualificacións obtidas no curso anterior.

Para acceder aos datos de escolarización pulse a opción **Escolarización**

Esta sección ofrece información sobre o nome do centro, o nivel de ensinanza (primaria, secundaria ou bacharelato) o curso no que o alumno/a está ou estivo matriculado e o ano escolar de matriculación

Paula Pérez Ponte

- Datos académicos
- Curso actual
- Escolarización**
- Datos familiares
- Servizos complementarios
- Centro

Accións

- Subscripción
- Xustificar faltas
- Citas de tutoría
- Incidencias do alumno
- Avisos do alumno

Centro	Ensinanza	Curso	Ano escolar
IES Manuel Murguía	Bachillerato	2º Bac.	2010/2011 Ver detalle
IES Manuel Murguía	Bachillerato	1º Bac.	2009/2010
IES Manuel Murguía	Bachillerato	1º Bac.	2008/2009
IES Manuel Murguía	Educación secundaria obligatoria	4º ESO	2007/2008
IES Manuel Murguía	Educación secundaria obligatoria	3º ESO	2006/2007
IES Manuel Murguía	Educación secundaria obligatoria	2º ESO	2005/2006
IES Manuel Murguía	Educación secundaria obligatoria	1º ESO	2004/2005
CEIP Ponte dos Brozos	Educación primaria	6º Pri.	2003/2004
CEIP Ponte dos Brozos	Educación primaria	5º Pri.	2002/2003
CEIP Ponte dos Brozos	Educación primaria	4º Pri.	2001/2002
CEIP Ponte dos Brozos	Educación primaria	3º Pri.	2000/2001

Cualificacións convocatoria anterior

Materia	Cualificación
Ciencias para el mundo contemporáneo	Suficiente
Educación física	Suficiente
Filosofía y ciudadanía	Notable
Griego I	Insuficiente
Griego I	Insuficiente
Historia mundo contemporáneo	Notable
Latín I	Suficiente
Lengua castellana y literatura I	Bien
Lengua extranjera I: Inglés	Bien
Lengua gallega y literatura I	Suficiente
Tecnologías de la información y comunicación	Bien

VOLTAR

[Ver detalle](#)

1 Para acceder á información pomenorizada do curso académico anterior, prema a opción “**Ver detalle**”

2 Elixida esta opción, aparecen as **materias** cursadas no curso anterior e as **cualificacións** obtidas

3 Para volver á pantalla anterior, pulse “**VOLTAR**”

O apartado “**Datos familiares**” permítelle consultar os datos de contacto e, ao responsable autenticado, modificar os seus datos persoais recollidos no espazo ABALAR.

Para consultar e modificar os **Datos familiares**, prema neste botón

1. Nesta área pode consultar os datos do alumno rexistrados pola Consellería de Educación

GALEGO CASTELLAN

XUNTA DE GALICIA

Usuário: RODRIGUEZ GONZALEZ, RAQUEL. Seleccionar Fillo/a Sal

Inicio > Datos Familiares

Paula Pérez Ponte

- Datos académicos
- Curso actual
- Escolarización
- Datos familiares**
- Servicios complementarios
- Centro

Accións

- Subscripción
- Xustificar Faltas
- Citas de teoría
- Incidencias do alumno
- Avisos do alumno

Datos do alumno

Nome e apelidos: Paula Pérez Ponte
Documento: DNI: 4777778A
Data e lugar de nacemento: 27/07/1992, España

Datos de contacto

Enderezo electrónico:
Enderezo: Doctor Ferrant, 18 7º, Arteixo (Coruña (A)) C.P 15142
Teléfono de urxencia: 62666623

Datos dos familiares

Responsable	Nome e apelidos
Mamá	María Ponte Otero
Pai	Antonio Pérez Barga

Datos de contacto do responsable

Enderezo
Calle Pando 177 B

País
España

Provincia
Cantabria

Concello
-Seleccione un elemento -

Localidade
-Seleccione un elemento -

Código postal
393 00

Teléfono
942 08 2044

GARDAR

2. Permite coñecer os datos de contacto do alumno

3. Amosa os nomes dos responsables do alumno

4. Esta sección está destinada a **consultar e modificar** os datos de contacto do responsable autenticado. Introduza o *endereço*, seleccione a opción desexada no despregable de *país*, *provincia*, *concello* e *localidade* e escriba o *código postal* e o *teléfono* de contacto. Unha vez cubertos os datos prema o botón **GARDAR**

A modificación dos datos familiares non se procesa de forma inmediata, será preciso esperar á actualización dos mesmos (prazo máximo 24 h).

O espazo Familias tamén pon a súa disposición o apartado de **“Servizos complementarios”**. Esta opción permítelle consultar os servizos complementarios á ensinanza aos que ten acceso o alumno, como son o transporte escolar e o servizo de comedor.

Para acceder á información sobre o transporte escolar e o servizo de comedor, seleccione **Servizos Complementarios**

The screenshot shows the 'Espazo Abalar' interface for the 'XUNTA DE GALICIA'. The user is identified as 'RODRIGUEZ GONZÁLEZ, RAQUEL' and is viewing the 'Servizos complementarios' section for 'Paula Pérez Ponte'. The page is divided into a left sidebar with navigation options and a main content area. The 'Servizos complementarios' option in the sidebar is highlighted. The main content area shows the 'Transporte' section with a 'Modalidade de axuda' dropdown set to 'Gratis'. Below this is the 'Comedor' section, which contains a table with the following data:

Mes	Descrición	Quenda	Observacións	Días
	Abono 100%	primeira quenda		0

Neste apartado amósanse os datos máis relevantes sobre os **servizos complementarios**, como por exemplo, a modalidade de axuda de transporte concedida ao alumno e algúns datos relativos ao comedor escolar

Na opción “**Centro**” pode coñecer os datos de contacto do centro onde se atopa matriculado o seu fillo/a.

Para acceder a este apartado, seleccione a opción **Centro**

The screenshot shows the 'Espazo Abalar' interface. At the top left is the 'XUNTA DE GALICIA' logo. The main header reads 'Espazo Abalar'. Below the header, the user is identified as 'RODRIGUEZ GONZÁLEZ, RAQUEL' and is prompted to 'Seleccionar Fillo/a'. The left sidebar shows a menu with options like 'Datos académicos', 'Curso actual', 'Escolarización', 'Datos familiares', 'Servicios complementarios', and 'Centro', which is currently selected. Below the menu is an 'Accións' section with options like 'Subscripción', 'Xustificar faltas', 'Citas de tutoría', 'Incidencias do alumno', and 'Avisos do alumno'. The main content area shows the path 'Inicio > Centro' and a section titled 'Información do centro' for 'IES Manuel Murguía'. This section contains contact details for the 'Instituto de Educación Secundaria'.

Información do centro			
IES Manuel Murguía			
Instituto de Educación Secundaria			
Enderezo:	Avenida Arsenio Iglesias s/n	Código postal:	15142
Concello:	Arteixo	Provincia:	Coruña (A)
Teléfono:	981601852	Correo-e:	ies.manuel.murguia@edu.xunta.es
Fax:	981633270	Url:	http://centros.edu.xunta.es/iesmanuelmurguia

Neste apartado, pode consultar os datos de contacto do centro no que está matriculado o seu fillo/a (endereço, teléfono, correo electrónico, páxina web, etc.)

En “**Subscripcións**” ofrécese a posibilidade de manterse informado das últimas novidades académicas do seu fillo/a. Trátase de notificacións en forma de correo electrónico, diarias ou semanais. É preciso solicitar a subscripción para cada fillo/a.

A opción **Subscripción** permite xestionar as notificacións

1 Para **darse de alta** nas subscripcións é necesario introducir o contacto do **correo electrónico**

The screenshot shows the 'Espazo Abalar' interface for a user named Paula Pérez Ponte. The 'Subscripción' section is highlighted with a dashed box. It contains three main sections: 'Datos de contacto' with fields for mobile phone and email; 'Idioma notificacións' with radio buttons for Gallego and Castelán; and 'Subscripcións' with three groups of radio buttons for selecting notification preferences. A 'GARDAR' button is located at the bottom of the form.

2 Tamén ten que seleccionar o **idioma** (galego ou castelán) no que se desexa recibir as notificacións

3 Permítelle seleccionar as notificacións ás que desexa estar subscrito: notas, faltas de asistencia e outras publicacións como incidencias individuais do seu fillo/a ou avisos que o profesor/a realice ao seu grupo de alumnos/as

4 Escolla as opcións desexadas e finalmente preme o botón **GARDAR** para que se activen as notificacións

Cando o desexe, poderá darse de baixa destas subscripcións ou modificalas, simplemente ten que borrar os campos rexistrados ou modificalos e premer na opción GARDAR. Para que se procesen os cambios, será preciso esperar á actualización dos datos un prazo máximo de 24 h.

No apartado “Xustificar faltas”, ofrécese a posibilidade de xustificar as faltas de asistencia do seu fillo/a e adxuntar os arquivos explicativos necesarios, que posteriormente serán enviados ao titor/a do mesmo/a. Este método de xustificación de faltas só será válido se o titor/a o considera oportuno.

1 Para xustificar as faltas de asistencia, prema a opción **Xustificar faltas**

2 En primeiro lugar, escolla a **avaliación** na que se produciu a falta de asistencia

The screenshot shows the 'Espazo Abalar' interface for Paula Pérez Ponte. The user is logged in as RODRIGUEZ GONZÁLEZ, RAQUEL. The interface includes a sidebar with navigation options like 'Datos académicos', 'Curso actual', and 'Accións'. The main content area shows the 'Xustificar faltas' section for the '2º Bacharelato' course. It features a tabbed interface for different evaluations: '1ª avaliación', '2ª avaliación', '3ª avaliación', and 'Avaliación final'. Below the tabs is a table of absences with columns for 'Seleccióne', 'Data', 'Materia', 'Sesión', and 'Tipo'. The table lists several absences, including 'Historia de la filosofía', 'Latín II', and 'Historia del arte'. Below the table is a form to enter the 'Causa da falta:' and a button to 'Examinar...'. At the bottom, there is a button labeled 'XUSTIFICA-LAS FALTAS'.

3 Escollida a avaliación, seleccione a falta que desexa xustificar no listado no que se amosan todas as faltas de asistencia ordenadas **cronoloxicamente**, e clasificadas pola **materia** e a **sesión** na que se produciu a falta

4 A continuación, escriba o **motivo** polo que se produciu a falta de asistencia e, no seu caso, adxunte o arquivo xustificativo que será enviado ao titor

5 Finalmente, para que se produza a xustificación efectiva, pulse “**XUSTIFICAR FALTAS**”, e desta maneira informarse ao titor por medio dun correo electrónico

A opción “**Citas de tutoría**” permítelle concertar titorías co titor/a do seu fillo/a, sempre que o titor/a teña habilitada esta funcionalidade. Tamén poderá anular as citas xa confirmadas polo titor/a, xustificando ou non a cancelación. Unha vez confirmada ou anulada a titoría, recibirá un correo electrónico (ao igual que o titor/a do seu fillo/a).

Para solicitar unha titoría pulse a opción **Citas de tutoría**

Amosa o nome do **titor** responsable do alumno

Neste apartado detállase a **data** da titoría, o **estado** no que se atopa (confirmada, pendente ou anulada), e preséntase a opción de **anular** a cita

Pode cancelar a cita premendo na opción **ANULAR**

The screenshot shows the 'Espazo Abalar' interface. On the left, a sidebar for 'Paula Pérez Ponte' lists navigation options like 'Datos académicos', 'Curso actual', 'Escolarización', 'Datos Familiares', 'Servizos complementarios', and 'Centro'. Below this is an 'Accións' section with options like 'Subscrición', 'Xustificas Falhas', 'Citas de Tutoría', 'Incidencias do alumno', and 'Avisos do alumno'. The main content area is titled 'Inicio > Citas de tutoría' and shows a table of appointments for 'Titor: Pablo Diezquez Melillo'. The table has columns for 'Data da titoría', 'Estado', and 'Opcións'. Below the table is a 'CREAR CITA' button and a 'Horario Tutorías' section which currently displays 'Non hai horario tutorías'. At the bottom, there is a form to create a new appointment with fields for 'Data da cita' and 'Hora da cita', a large text area for 'Observacións', and 'GARDAR' and 'CANCELAR' buttons.

1 Para formalizar a cita ten que premer na opción **CREAR CITA**

2 Amosa o **horario** de titorías establecido para concertar a cita

3 Escolla a **data** na que desexa concertar a cita no calendario (despregable)

4 Escolla a **hora** desexada para a cita

5 Escriba as **observacións** necesarias, como as razóns ou obxectivos da titoría (obrigatorio)

6 Finalmente, pulse a opción **GARDAR** para formalizar a titoría, ou **CANCELAR** para que non se procese a solicitude

En “**Incidencias do alumno***” infórmase das situacións máis relevantes xeradas na aula que estean relacionadas co seu fillo/a así como os detalles de maior importancia sobre as mesmas. Ao igual que no apartado anterior, recibirá un correo electrónico coa notificación cando se publiquen estas incidencias.

Pulse **Incidencias do alumno** para acceder as faltas de comportamento do seu fillo/a

Este apartado expón o **asunto** da incidencia, o día de publicación e, ademais, presenta un enlace para acceder aos detalles da mesma

Prema “**Ver detalle**”, para acceder á información pormenorizada de cada unha das incidencias

The screenshot shows the 'Espazo Abalar' web interface. At the top, it says 'XUNTA DE GALICIA' and 'Espazo Abalar'. Below that, it shows the user 'RODRIGUEZ GONZÁLEZ, RAQUEL' and a dropdown for 'Seleccionar Fillo/a'. The main content area is titled 'Inicio > Incidencias do alumno'. It features a table with columns 'Incidencia' and 'Publicado'. The table lists three incidents, each with a 'Ver detalle' link. A dashed box highlights the table, and an arrow points to a detailed view of an incident. This detailed view shows fields for 'Data inicio validez' (27/12/2010), 'Data fin validez' (29/12/2011), 'Idencia' (Incidencia), and 'Observacións' (Incidencia). A 'VOLTAR' button is at the bottom of the detailed view. A navigation menu on the left includes 'Datos académicos', 'Curso actual', 'Escolarización', 'Datos Familiares', 'Servizos complementarios', and 'Centro'. Below the menu is an 'Accións' section with 'Subscrición', 'Xustificar faltas', 'Citas de alumnos', 'Incidencias do alumno', and 'Avisos do alumno'. The footer contains 'XUNTA DE GALICIA' and copyright information.

1 A **Data inicio e Data fin da validez** indican o período no que as incidencias estarán visibles para os responsables dos alumnos

2 Mostra o titular da **Incidencia**, e dicir, a forma na que se presenta a mesma na pantalla anterior

3 Amonsa unha **descripción detallada** da incidencia

4 Para regresar á lista de incidencias pulse **Voltar**

* Para recibir este tipo de incidencias será necesario que previamente estea dado de alta no apartado de subscrições

A opción **“Avisos do alumno*”** permítelle ver as notificacións que o titor/a do seu fillo/a realiza ao conxunto dos pais e nais que formen parte do grupo de alumnos/as ao que pertencen o seu fillo/a. Tamén, recibirá un correo electrónico cos avisos que sexan notificados polo titor/a do seu fillo/a.

Pulse a opción **Avisos do alumno** para acceder aos anuncios ou noticias máis relevantes

Este apartado amosa o título do aviso e a súa data de publicación. Ademais, ofrece a posibilidade de ver información detallada sobre o aviso

Prema **“Ver detalle”**, para acceder á información pormenorizada

The screenshot shows the 'Espazo Abalar' interface for user 'RODRIGUEZ GONZÁLEZ, RAQUEL'. The main content area is titled 'Avisos do alumno' and displays a table of notices:

Aviso	Data Publicación	Accións
Seguimento avaliación	05/01/2011	Ver detalle
Aviso	28/12/2010	Ver detalle
otro aviso	23/12/2010	Ver detalle

Below the table, a detailed view of a notice is shown, including fields for 'Data inicio validez' (10/01/2011), 'Data fin validez' (11/01/2011), 'Titulo', 'Observacións', and 'Tipo aviso otro'. A 'VOLTAR' button is located at the bottom of the detailed view.

1 A **Data inicio e Data fin da validez** indican o período no que os avisos estarán visibles para os responsables dos alumnos/as

2 Mostra o titular do **Aviso**, e dicir, a forma na que se presenta na pantalla anterior

3 Amosa **descripción** unha **detallada** do aviso

4 Para regresar á lista de avisos pulse **Voltar**

* Para recibir este tipo de avisos será necesario que previamente estea dado de alta no apartado de subscricións

O acceso ao **Repositorio de contidos educativos** está aberto a todos visitantes e non require unha autentificación previa como no caso de espazo Familias.

Para acceder ao Repositorio de contidos educativos tan só ten que seleccionar esta opción na pantalla de inicio:



1
Seleccione o espazo de **Repositorio de contidos educativos**

No caso de que se atope no espazo Familias, tamén poderá acceder ao Repositorio de contidos educativos seguindo os seguintes pasos:


- 1 Pulse na opción **“Seleccionar fillo/a”**.
- 2 Prema no botón de **“Inicio”**.
- 3 Unha vez na pantalla principal do espazoABALAR, terá que seleccionar o **apartado do Repositorio**.

Unha vez no **Repositorio de contidos dixitais**, ten acceso aos últimos contidos publicados. Tamén pode sinalar a ensinanza, o curso e a materia para ver os recursos educativos dispoñibles en cada nivel educativo.

1 O inicio do Repositorio amosa unha listaxe dos últimos recursos publicados e permítelle **ver o detalle** dos contidos (procedencia, destinatarios, etc.), **descargalos** ou **visualizalos** directamente dende o espazoABALAR



2 Para acceder aos recursos educativos dixitais é preciso **seleccionar o nivel educativo**



3 Acceder á **materia** sobre a que se desexa encontrar os contidos dixitais



4 E **seleccionar o** recurso desexado

O Repositorio de contidos dixitais, tamén ofrece un buscador de recursos dixitais.

1 Para atopar un contido educativo concreto pode empregar o **Buscador**

2 O buscador ofrécelle a posibilidade de **escribir algún termo clave** do recurso que desexa, ou realizar unha **busca avanzada** na que terá que seleccionar diferentes criterios de busca (enseñanza, nivel educativo, tipo de licenza, etc). Para que se proceda á busca tan só ten que pulsar o botón **Buscar**

3 A continuación amosanse todos os recursos educativos que cumpren o criterio de busca





**XUNTA
DE GALICIA**